



MEMORIA PARA A SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E A FUNDACIÓN NEIRA VILAS PARA A MELLORA DUNHA INFRAESTRUTURA RURAL ORIENTADAS A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN.

Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Impulsa-la formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento
- Promover e incentiva-la cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.

Entendese polo tanto que Agader poder levar a cabo investimentos e/ou acordos para a realización dos mesmo sempre que incidan no desenvolvemento económico e social do rural galego.

A fundación Xosé Neira Vilas Fundación Xosé Neira vilas, ten actividades cuxa repercusión transcende as fronteiras municipais, acudindo a elas xente de toda Galicia e mesmo de foráneos. Recíbense constantemente visitas de colexios, asociacións culturais e veciñais, persoeiros das letras e de diferentes eidos do tecido social galego.





Tamén é visitada por investigadores e estudantes para nutrirse do extenso fondo documental e preparar teses de doutoramento, estudos lingüísticos, etc. Con todo elo enténdese que a Fundación Neira Vilas achega a Galicia e súa cultura un valor diferente e xenuíno dentro da oferta cultural do rural galego e cumpre unha finalidade social importante, ao ter aberto a diario un centro cultural no rural, cuxo labor se fixo merecente a esta Fundación de ser declarada pola Xunta de Galicia **de Interese Cultural e Interese Galego**.

Pero o mais salientable da Fundación en relación co súa función de axente dinamizador e polo tanto potenciador do desenvolvemento rural vese reflexado nas actividades que leva a cabo tanto por ser actividades dende o rural como por ser actividades para o rural.

Na propia acta fundacional da Fundación da cal forman parte Xunta, Concello de Vila de Cruces, Deputación de Pontevedra, ademais do propio escritor (agora finado), é salientable a presenza do Presidente da Asociación veciñal de Grés, o que demostra a vinculación da Fundación co seu entorno e co rural:

- Sen dúbida a principal actividade orientada as xentes do rural e a posta a disposición das xentes do contorno de Grés (Vila de Cruces), dunha extensa biblioteca que conta con mais de 8500 volúmenes e que está aberta tanto para préstamo de libros como para o uso de estudo de luns a sábado. Unha biblioteca que conta hoxe en día con mais de 300 asociados.
- A Sede da Fundación é así mesmo Centro Cultural e conta cun Salón de actos onde asiduamente se achega oferta da diversa índole aos veciños do interior galegos, con concertos de música galega, teatro, recitais de poesía e mesas redondas sobre temáticas que non sempre se ciñen aos aspectos culturais xa que tamén versán sobre o Patrimonio- Cultural galego, o turismo ou mesmo sobre o agro. Os veciños de Grés empregan así mesmo este Centro Cultural para celebracións propias da parroquia dacordo co que quería o finado escritor.
- A Sede da fundación conta tamén cun espazo a modo de museo etnográfico que contén á beira de 300 pezas, ordenadas por temas: Fogar, Apicultura, Proceso do viño, Carpintería, Escola, Alumado, Pesas e medidas, Cultivos, Gaiteros, Pesca, proceso do liño e outros.





Por todo isto non se trata simplemente dun espazo cultural senón que tamén é un centro de visitas turísticas tal e como se pode ver nas diferentes guías oficiais da Axencia de Turismo de Galicia, da Asc. Area de Santiago ou da web oficial Santiagoturismo.com.

Outras actividades da fundación son os diversos concursos literarios que desenvolve ao longo do ano, destacando pola súa vinculación ao rural o ser uns dos principais promotores xunto coa editorial Fervenza do Concurso de relatos “Balbino”, no cal a temática das obras presentadas debe de ser a posta en valor do rural galego.

A fundación así mesmo centra os seus esforzos na promoción da cultura galega entre os colexios, de xeito principal os do rural, tanto en visitas guiadas a casa-museo como en charlas realizadas polos patronos nas propias escolas.

A Fundación Neira Vilas é hoxe por hoxe un claro dinamizador do medio rural, orientando as súas actividades as xentes das cales se rodea e facendo labor social levando unha programación cultural a unha parroquia mais habitual dos círculos das cidades. Así mesmo e polo interese que xera o seu museo e a figura do seu valedor, o escritor Neira Vilas, unha das figuras mais importantes da letras galegas (medalla de ouro de Galicia) a Fundación tamén é un potenciador da economía da zona ao xerar un amplo numero de visitas as súas instalacións.

É polo tanto de claro interese para a mellora socioeconomica dos Concellos de Vila de Cruces o seu lindante Boqueixón que a Sede da Fundación estea nun estado óptimo de conservación para poder seguir levando adiante as súas actividades, xa que deste xeito e xunto coa “insuas de Grés” e a Ponte Ledesma crear un conxunto de ineterese cultural que promova actividade turística na zona.

Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos socioculturais.

Agader pretende colaborar na posta en valor e no desenvolvemento de infraestruturas de cultura, ocio e sociabilización entre os veciños, que para o rural debe de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soster as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.





Con este convenio asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, os espazos necesarios para que poidan desenvolverse actividades que favorezan a mellora da calidade de vida da poboación do rural galego.

Agader ten especial interese no acondicionamento e/ou creación de infraestruturas socioculturais orientadas a ofertar unha maior gama de servizos a poboación. Nos proxectos obxecto de intervención desenvolveranse un amplo programa de difusión, orientado a transformación da realidade social do concello que ao tratarse dun concello rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños poidan acceder a mesma oferta de lecer, social ou cultural que os habitantes dos entornos urbanos.

A colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

Nos proxectos obxecto de intervención desenvolveranse un amplo programa de difusión, orientado a transformación da realidade social do concello que ao tratarse dun concello rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños poidan disfrutar dunha gama de servizos e infraestruturas de lecer ou que incidan na sociabilización dos mesmos co fin de crear un entorno rural axeitado para fixar poboación..

A actuacións que se levarían a cabo serían as seguintes:

Arranxo por substitución da cuberta dos dous edificios que constitúen a sede da Fundación e a incorporación dos correspondentes canalóns e baixantes para a recollida de pluviais.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación e a colaboración decídese en base a criterios obxectivos





tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

O proxectos que se pretender levar a cabo trala sinatura deste convenio ten circunstancias que o fan singular dende o punto de vista dos termos que se regulan no artigo 26 da lei de subvencións de Galicia, tanto no ámbito do interese público, social e/ou económico e ademais xustificase de xeito claro a dificultade da súa convocatoria pública.

Proxecto que se propón conveniar:

Arranxo da Cuberta da Sede da Fundación Neira Vilas en Grés (Vila de Cruces)

A Fundación Xosé Neira Vilas leva o nome do insigne escritor galego e ten fixada a súa sede social na casa natal do literato na parroquia de Gres, concello de Vila de Cruces. O edificio (rehabilitado no seu día pola Xunta de Galicia), pertence á citada Fundación e mantense en bo estado de conservación, se ben, debido ao paso do tempo, presenta deficiencias na cuberta precisando repoñer a totalidade do tellado por deterioro do mesmo. Dado que resulta imposible asumir con fondos propios da Fundación o custo da obra, a Xunta de Galicia na procura de mellorar un espazo único no rural como contedor dunha oferta cultural singular debe de aportar o financiamento preciso para acometer a referida mellora nas instalacións.

Dicir que a Fundación Xosé Neira Vilas celebra este ano o 25 aniversario da súa creación, mantendo dende entón actividade diaria tanto nas propias dependencias (biblioteca, salón de actos, museo, etc.), como desprazándose o seu presidente ou demais membros do padroado por toda a Comunidade Autónoma para difundir en colexios, asociacións, concellos, etc, a nosa lingua, cultura e, por suposto, a vida e obra do escritor que tantas páxinas de gloria deu ás letras galegas.

Con motivo de cumprir ese cuarto de século, tense previsto un ambicioso programa de actividades para o ano en curso (presentación de libros, charlas, exposicións, proxección de





documentais, concertos, etc.), polo que ter a sede nas mellores condicións posibles tornase imprescindible para levalas a cabo.

A repercusión das actividades da Fundación transcende as fronteiras municipais, acudindo a elas xente de toda Galicia e mesmo de foráneos. Recíbense constantemente visitas de colexios, asociacións culturais e veciñais, persoeiros das letras e de diferentes eidos do tecido social galego.

Tamén é visitada por investigadores e estudantes para nutrirse do extenso fondo documental e preparar teses de doutoramento, estudos lingüísticos, etc. Con todo elo entendese que a Fundación Neira Vilas achega a Galicia e súa cultura un valor diferente e xenuíno dentro da oferta cultural do rural galego e cumpre unha finalidade social importante, ao ter aberto a diario un centro cultural no rural, cuxo labor se fixo merecente a esta Fundación de ser declarada pola Xunta de Galicia **de Interese Cultural e Interese Galego**.

Estamos polo tanto ante un espazo senlleiro e único na Comunidade Autónoma que reforza tanto o potencial do turismo histórico do territorio como o apego a cultura tradicional.

Nesta actuación expostas cabe indicar da inexistencia de axudas públicas para traballos que se poden considerar de mantemento do patrimonio rural xa que as mesmas soen estar orientadas a “obra nova, ou traballos de índole arqueolóxica “. De feito e a modo de exemplo cabe mencionar as axudas de fondos europeos (FEADER), cuxa principal condición normativa é precisamente que non sexan traballos de conservación.

O potencial cultural da zona a tratar verase reforzado polo tanto por esta actuación que xunto co plan de difusión que os Concellos e propia Xunta de Galicia levará a cabo na promoción de ditos elementos converteranos nun lugar de visita obrigada a veciños, xente do mundo e ámbito da cultura e mesmo turistas.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

Miguel Ángel Pérez Dubois

